

SESIÓN 7

¿ONDE ESTUDIO?

DEBUXA O TEU LUGAR DE ESTUDIO

DEBATE EN GRUPO

Condicións físicas (lugar, mobiliario, ruídos, iluminación) que favorecen o estudio:

— Condicións que dificultan o estudio:

Algunhas veces os pisos ou casas onde vivimos non nos permiten dispoñer a cada un do espacio que quixésemos para nós; pero dentro das condicións da túa vivenda, trata sempre de ter presente, no posíbel, os consellos que che damos a continuación



CARACTERÍSTICAS DO LUGAR DE ESTUDIO

— LUGAR FIJO

Que sexa sempre o mesmo, sen ter que andar a mudar as cousas e a organizalas cada día. Debes ter sobre a mesa todo o que precises para non ter que interromper o estudio:

- * Libros de texto.
- * Diccionarios.
- * Caderno, lapis, bolígrafo, goma etc.

— SILENCIOSO

Busca o lugar da túa casa no que haxa menos ruídos, que non sexa onde se escucha a radio, está a televisión, xoga teu irmán pequeno, está o teléfono,...

— MOBILIARIO

É preciso que dispoñas dunha mesa suficientemente ampla para ter sobre ela todo o que necesites, unha cadeira de respaldo recto que che permita apoiar os pés no chan, e, se é posíbel, ter uns estantes próximos á mesa.

Non estudes nunca deitado na cama, nin nun sofá: as posturas cómodas en exceso poden producir somnolencia.

— ILUMINACIÓN

O lugar onde estudes debe estar ben iluminado, mellor con luz natural, aínda que se pode solucionar cun flexo cunha lámpa de 60 W, que situarás pola esquerda se es destro, ou pola dereita se es zurdo.

— TEMPERATURA E VENTILACIÓN

Sobre 20º de temperatura é o ideal, nin moi alta que cause pasividade, nin moi fría que cause inquietude. Convén que cada certo tempo se ventile o cuarto para que entre osíxeno.

As ideas que vimos de che apuntar son só un consello. Non debes, polo tanto, tomalas como algo de carácter obligatorio. O que debes é cambiar aqueles aspectos que che parezan mellorábeis e que xulgues que van incidir moi favorabelmente no teu rendemento escolar.

Vas respostar o cuestionario sendo o máis sincero posíbel, ninguén cho vai "corrixir". Só despois da posta en común entre toda a clase, escribirás, a continuación, sobre aqueles dous aspectos que penses que debes rectificar XA.

	SI	NON
¿Tenes un lugar fixo para estudiar?		
¿Estudias nunha habitación afastada do ruído?		
¿Tenes luz suficiente para estudiar sen forzar a vista?		
Cando te posas a estudiar, ¿tienes a man todo o que necesitas?		
¿Tenes un horario fixo de estudio?		
¿Fas un programa do tempo que pensas adicar ao estudio diariamente?		
¿Divides o teu tempo entre as materias que debes estudiar?		
¿Estudias como mínimo cinco días á semana?		
¿Tenes algún método de estudio?		
¿Tenes un buen nivel lector?		
¿Les por encima a lección antes de comenzar a estudiarla?		
¿Tenes facilidade para encontrar as ideas básicas do que leses?		
¿Sublinhas as ideas e datos importantes?		
¿Consultas o diccionario se non entiendes unha palabra?		
¿Fas esquemas ou resumos do subliniado?		
¿Despois de aprender unha lección repásala?		
¿Acostumas a relacionar o que aprendes con aquilo que xa sabías?		
¿Levas ao día o estudio das áreas e os deberes?		
¿A túa actitude na clase é positiva?		
¿Ollas o profesor cando explica?		
¿Preguntas cando non entiendes algúnsa cuestión?		

CORRECCIÓN E INTERPRETACIÓN

.Suma tódalas respotas afirmativas (si)

.Si a suma é menor que 8 non tes bos hábitos de estudio

.Si o total está entre 8 e 14 , tes hábitos defectuosos de estudio

.Si a suma é maior que 14, en xeral, sabes estudiar, pero para millorar ímoste mostrar unhas técnicas que derás tratar de poñer en práctica.